

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**

EXTRACTO da Orde do 21 de novembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria de axudas ao alumnado das universidades públicas do Sistema universitario de Galicia para estadias nalgún Estado membro da Unión Europea, durante o verán de 2023, co obxecto de coñecer a lingua dese país (código de procedemento ED416A).

BDNS (Identif): 663253.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

O alumnado das universidades públicas do Sistema universitario de Galicia.

Segundo. *Obxecto*

Convocar, en réxime de concorrencia competitiva, 170 axudas para estadias nalgún Estado membro da Unión Europea, durante o verán de 2023, co obxecto de coñecer a lingua dese país.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Publícanse conxuntamente coa convocatoria.

Cuarto. *Orzamento e contía das bolsas*

O importe global previsto na orde é de 170.000 euros.

A dotación económica asignada a cada persoa beneficiaria será dun máximo de 1.000 euros.

CVE-DOG: fvdma4-3ug0-8ho0-0zs3-3ihbsnp1edm5



Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

Será desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* ata o 14 de marzo de 2023.

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2022

Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades
P.D. (Orde do 29.7.2022; DOG núm. 151, do 9 de agosto)
Manuel Vila López
Secretario xeral técnico da Consellería de Cultura,
Educación, Formación Profesional e Universidades

CVE-DOG: fvdmaq4-3ug0-8ho0-ozs3-3ihbsnp1edm5

